

# 23 Maratón Fotográfico do Campus Terra



26   
Setembro  
2017

## CONCELLO DE LUGO

**Sra. Dna. Lara Méndez López**  
Sra. Alcaldesa do Excmo. Concello de Lugo

**Sra. Dna. Carmen Basadre Vázquez**  
Concelleira de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua

## DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

**Sr. D. Darío Campos Conde**  
Presidente da Deputación de Lugo

**Sra. Dna. Pilar García Porto**  
Deputada da Área de Cultura, Deseño e Artesanía

## UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Sr. D. Juan Viaño Rey**  
Reitor Magfco. da Universidade de Santiago de Compostela

**Sr. D. Javier Bueno Lema**  
Vicerreitor de Coordinación do Campus de Lugo

**Sra. Dna. M.ª do Carme Silva Domínguez**  
Vicerreitora de Servizos Universitarios do Campus de Lugo

## EXPOSICIÓN

**Coordinación**  
Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social

**Montaxe**  
ta ta ta

**Comisario**  
Eduardo Ochoa

## CATÁLOGO

**Coordinación**  
Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social

**Foto contraportada**  
Belén Mendaña del Río

**Deseño e maquetación**  
ta ta ta

**Depósito legal**  
LU 216-2015

## CRÉDITOS

© Da edición, Lugo Cultural  
© Dos textos, os seus autores  
© Das fotos, os autores

## O certame

Esta iniciativa, que se vén celebrando dende hai vinte tres anos coa colaboración do Grupo Cinematográfico FONMIÑÁ, configura unha das actividades máis consolidadas e exitosas das promovidas actualmente dende Lugo Cultural. Fotógrafos máis ou menos profesionais ou afeccionados de dentro e fóra da comunidade universitaria, participan habitualmente nesta cita na que ten cabida a fotografía analóxica e a dixital e na que tamén se deixa vía libre á creatividade dos participantes tanto no tema proposto como na modalidade libre,

Nesta edición, as persoas e as máquinas, a diversidade de relacións, utilidades, necesidades e ata dependencia que as une, constituíron o tema proposto polos organizadores deste 23 Maratón Fotográfico do Campus Terra da USC, un certame organizado ao abeiro do convenio Lugo Cultural, no que participan o Concello e a Deputación de Lugo xunto coa USC.

O foco das cámaras fotográficas das cerca de 40 persoas que formalizaron a súa inscrición nesta cita percorreron o día 26 de setembro do 2017, as rúas, barrios e bisbarras de Lugo, na procura de imaxes, paisaxes e/ou situacións que reflectiran ou simbolizasen a cada vez máis estreita, que non sempre harmónica, relación que une as persoas coas máquinas, tal e como acordaron os membros da organización deste certame aberto a todos os públicos e que xa se ten consolidado como unha homenaxe á fotografía desde Lugo.

## Os premiados

Logo de valorar a calidade e orixinalidade de todos os traballos presentados, o xurado decidiu outorgarlle:

♦ O premio **CARLOS VALCÁRCEL** á mellor fotografía do tema **MÁQUINAS E PERSOAS** a Dona Belén Mendaña del Río, pola fotografía **“Cando o home gobernaba a máquina”**

♦ O premio á mellor fotografía do tema **LIBRE** a Dona Alba Díaz Fernández, pola fotografía **“Mulleres Invisibles “**

Á vista da calidade dos traballos, o xurado decidiu conceder tamén:

♦ Un 1º accésit á mellor fotografía do tema **MÁQUINAS E PERSOAS** a Dona Alba Díaz Fernández pola fotografía **“As persoas e as máquinas”**

♦ Un 2º accésit á mellor fotografía do tema **MÁQUINAS E PERSOAS** a José Marcos López Álvarez pola fotografía **“Persoa atrapada en máquina”**

♦ Un 1º accésit á mellor fotografía do tema **LIBRE** a Breogán Alamancos Millán pola fotografía **“Cárcere Abstracta”**

♦ Un 2º accésit á mellor fotografía do tema **LIBRE** a Amalia Gorgoso Pacios pola fotografía que presentou sen título.

## Exposición dos traballos

Na exposición dos traballos presentados a esta 23 edición do Maratón, figuran tódolos galardoados e unha fotografía por cada autor participante. No acto de inauguración desta, na sala de exposicións do Pavillón central do Centro de Artesanía e Deseño, o fotógrafo lucense Carlos Valcárcel, que da nome a un dos premios, Eduardo Ochoa do grupo Fonmiñá e os representantes de Lugo Cultural, son os encargados de facer pública a decisión do xurado e de entregarlles os premios e diplomas aos participantes.

## O catálogo

Este catálogo recolle, ademais dos traballos premiados, unha selección representativa das fotografías presentadas ao certame organizadas por temas.



No marco de actuación do **Convenio LUGO CULTURAL**, no que participan a Universidade de Santiago de Compostela, o Concello de Lugo e a Deputación de Lugo coa colaboración do Grupo Cinematográfico FONMIÑÁ, convócase o **23 Maratón Fotográfico do Campus conforme ás seguintes BASES**

#### BASES

1. Poderán participar todas aquelas persoas maiores de 18 anos que o desexen.
2. **Prazo de inscricións: dende o 14 de setembro ata as 14:00 h do día 25 de setembro de 2017.**
3. A data de celebración será o **26 de setembro**. Os participantes presentaranse ese día **ás 10:00 h** na Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo, onde se procederá a ler os temas, entregar os carretes ou CD (segundo a modalidade) e a ficha para que poidan presentar co título das fotografías e frase para incluír no catálogo, segundo se indica no punto 5.3. Ademais farase unha fotografía con todos os participantes co obxecto de incluíla no catálogo que se edite.
4. Cada participante poderá presentarse só nunha das dúas modalidades: **dixital** ou **analóxica**. Independentemente da modalidade, participarase obrigatoriamente en dous temas (un o proposto pola organización e o outro libre) e **cunha única fotografía por cada tema**. As fotografías poderán realizarse en branco e negro ou en cor.

5. Entrega e selección das fotografías que se presentarán ao certame:

#### 5.1 MODALIDADE ANALÓXICA:

5.1.1 O **27 de setembro ata as 14:00 h:** entrega de carrete.

5.1.2 O **3 de outubro entre as 10:00 e as 13:00 h:** os participantes deberán elixir as fotografías que queren presentar ao certame, a través da folla de contactos que lles facilitará a organización.

#### 5.2 MODALIDADE DIXITAL:

5.2.1 O **27 de setembro ata as 14:00 h:** entrega do CD.

5.2.2 No CD gravaranse as fotos en .jpg, con un máximo de 3.543 x 2.362 píxeles (equivalente a unha imaxe de 30 x 20 a 300 ppp). Cada fotografía arquivarase co nome do tema ao que corresponde.

#### 5.3 EN ÁMBOS DOS CASOS:

O autor **PODERÁ** cubrir a ficha facilitada pola organización, cos títulos que decida darlle a cada fotografía e/ou, de ser o caso, a frase correspondente para incluír no catálogo (20 palabras como máximo, en galego).

6. As fotografías presentadas polos participantes, serán reveladas pola organización para a súa posterior valoración polo xurado.

#### 7. PREMIOS\*:

♦ Premio *Carlos Valcárcel* á mellor fotografía do tema proposto pola organización, dotado con 350 euros, trofeo e diploma.

♦ Premio á mellor fotografía do tema libre dotado con 250 euros, trofeo e diploma.

♦ Expedirase un diploma acreditativo a todos os participantes.

8. A organización resérvase o dereito de facer a selección das fotografías que considere, co fin de expoñelas ao público no lugar e datas que se decida e, se é o caso, de editalas en catálogo.

9. O lugar e data do veredicto e da entrega de premios comunicarase oportunamente.

10. O xurado encargado de decidir os premios será nomeado pola organización. A decisión do xurado será inapelable.

11. As fotografías premiadas quedarán en posesión da Universidade de Santiago de Compostela, que poderá facer uso delas para os fins que estime oportunos, sempre facendo referencia á autoría das mesmas.

12. Os participantes responsabilízanse totalmente de que non existan dereitos de terceiros nas obras presentadas, así como de toda posible reclamación por dereitos de imaxe.

O feito de participar neste Maratón Fotográfico supón a total aceptación das presentes bases. Calquera incidencia non prevista nelas será resolta pola organización.

\*Os premios en metálico estarán sometidos ás retencións fiscais legalmente establecidas.

**Entrega de premios: 8 de novembro ás 20:00 h no CENTRAD e apertura da exposición.**

#### Mais información:

Área de Cultura. Campus de Lugo  
Pazo de Montenegro  
Praza Pío XII, s/n-2º andar  
27001 – Lugo  
982 821 513  
cultura.lugo@usc.es



Defendo a cultura escrita, a cultura da palabra, do texto complexo e sinuoso, da utilización artística da lingua, da literatura. Cada vez temos menos palabras ao noso redor: utilizamos e xeramos esquemas, resumos, poñemos *twitters* de extensión necesariamente limitada, furtámonos unha e outra vez á complexidade dos períodos complexos. Eu defendo todo isto; a palabra pola palabra, a banalidade da estética da lingua, o por que si de empregar palabras como ferramentas sonoras e non unicamente nas súas estreitas marxes comunicativas.

Mais ben sei que estamos na era da imaxe; moitas daquelas e aqueles que con dificultade xeran un parágrafo de máis de dúas liñas comparten, en moitos casos desde a infancia, imaxes recursivas de si mesmos, de si mesmas. Dificilmente farán poesía coa palabra, mais parecen dotadas, dotados de maneira innata para extraeren poesía da imaxe. Por veces teño pensado cantas fotografías de cada un e cada unha de nós frotan na nube: son infinitas. Non o vexo mal, desde logo. Non propoño en absoluto ir contra os tempos que vivimos.

O tema que propuxemos este ano no *Maratón fotográfico do Campus Terra* prestábase especialmente á poesía da imaxe, e estou satisfeita dos seus resultados. O suxerente slogan “A persoa e a máquina” deu lugar a tratamentos complexos e outros ben sinxelos, e permitiu incluír nalgúns casos mesmo lecturas reivindicativas das claves sociolóxicas da nosa cultura contemporánea. Porén, sempre hai quen require a liberdade absoluta da creación. Nese sentido, as propostas que concursaron en modalidade libre tamén compoñen un fermoso e completo fresco, abigarrado e heteroxéneo, da diversidade. Diversidade que cabe nun campus vocacionalmente pequeno, periférico e activista como é o Campus Terra.

Un ano máis, a USC queda en débeda con todas as entidades que colaboraron connosco de distintas maneiras: Concello e Deputación de Lugo, Fundación TIC, Grupo Cinematográfico FONMIÑÁ. Entre todas e todos, entre nosoutras e nosoutros (coa presenza constante do fotógrafo Carlos Valcárcel, auténtica alma mater do premio, recentemente distinguido pola Deputación da Coruña na súa longa e completa traxectoria e ao que desde estas páxinas felicitamos calorosamente) fixemos o posible por desfrutar do esforzo e da orixinalidade das persoas participantes, limitadas polo tempo que lles demos para a realización das imaxes, infinitas na súa creatividade sen barreiras.

**Mª do Carne Silva Domínguez**

Vicerreitora de Servizos Universitarios

do Campus de Lugo

Como é de costume nos últimos anos, o outono lucense ten sabor a fotografía, grazas a este Maratón Fotográfico que organiza o noso campus universitario.

Cada ano, un importante e crecente grupo de persoas atrévese á pesca da imaxe, da cor, do momento... e todo iso persegue un sentimento, sentimento compartido entre a persoa que a crea e a que a recibe.

Este Maratón Fotográfico xa forma parte esencial da cultura creativa da cidade de Lugo, esperada por todas e todos e para o que desexamos un longo percorrido e moitos éxitos.

**Carmen Basadre Vázquez**

Concelleira de Cultura, Turismo,

Xuventude e Promoción da Lingua

A vixesimoterceira edición do Maratón Fotográfico, organizado pola Universidade de Santiago de Compostela, o Concello e a Deputación de Lugo coa colaboración do Grupo Cinematográfico Fonmiñá, convértese na escusa perfecta para amosar o talento dunha trintena de participantes que exhiben os seus traballos fotográficos. Este catálogo que aquí presentamos recolle a produción dos participantes, logo dunha xornada enteira dedicada á fotografía.

A fotografía, como ben explica Annie Leibovitz, *“é a vida mesma. É o intercambio de experiencias. Permítenos mostrarlles a outros o que vemos, as cousas que nos fascinan, as persoas e os lugares que amamos e apreciamos”*.

Por iso, considero fundamental fomentar este Maratón, xa que valora o esforzo, e ofrécelles unha oportunidade única, tanto a profesionais como a afeccionados á fotografía, pertencentes ou non a comunidade universitaria, para dar coñecer os seus traballos, sen ataduras e prexuízos. Imaxes espontáneas de persoas e máquinas que forman parte do noso mundo cotián.

Quero ademais remarcar a implicación neste proxecto de todos os docentes da Área de Cultura do Campus Terra da USC, e traballadores do Grupo Fotocinematográfico Fonmiñá, que fan posible que a organización deste certame fotográfico sexa un éxito ano tras ano.

Por último, só me resta convidar a todas as persoas a que se acheguen a esta mostra na sala Central do CENTRAD, e non deixen pasar esta oportunidade para coñecer autores que amosan experiencias novidosas e frescas coas súas cámaras fotográficas.

**Pilar García Porto**

Deputada de Cultura, Artesanía e Deseño

Hai xa vinte e tres anos que un alumno do campus universitario lucense propuxo realizar nel un maratón fotográfico. O que empezou sendo un experimento sen ánimo de continuidade terminou converténdose nunha actividade de longa vida.

Na actual edición, ademais do apartado libre, escolleuse como temática obrigatoria *As máquinas e as persoas*, sendo nesta sección na que a creatividade dos participantes se mostrou con resultados máis interesantes.

Non cabe dúbida de que os autores, quizá por seren novos e sen prexuízos, cumpren en parte a máxima de Alexander Rodchenko cando recomendaba revolucionar o noso pensamento visual, algo que algúns dos que concursaron nesta 23 edición do Maratón Fotográfico tentaron conseguir.

O meu agradecemento á Universidade, ao Concello de Lugo e á Deputación Provincial, institucións que apoian este certame que serve para estimular á mocidade nos seus inicios fotográficos.

**Eduardo Ochoa**





PARTICIPANTES NO 23 MARATÓN FOTOGRÁFICO DO CAMPUS  
Fotografía: Ignacio Rodríguez



Tema: MÁQUINAS E PERSOAS

premio *CARLOS VALCÁRCEL*

a **Belén Mendaña del Río** pola fotografía:

***Cando o home gobernaba a máquina***

1º Accésit xurado a

**Alba Díaz Fernández** pola fotografía:

***As persoas e as máquinas***

2º Accésit xurado a

**José Marcos López Álvarez** pola fotografía:

***Persoa atrapada en máquina***

**BELÉN MENDAÑA DEL RÍO**  
Obra premiada: *Cando o home  
governaba a máquina*

Poñer en valor o pequeno taller e o  
traballo artesanal de toda a vida



**ALBA DÍAZ FERNÁNDEZ**  
1º accésit xurado: *As persoas e as máquinas*

As máquinas foron extensións dos sentidos:  
guindastres como mans, cinematógrafos  
como ollos, ordenadores como memorias...  
Modernas televisións, cerebros apagados







JOSÉ MARCOS LÓPEZ ÁLVAREZ  
2º accésit xurado: *Persoa atrapada en máquina*

Tema: LIBRE

premio a **Alba Díaz Fernández** pola fotografía:

***Mulleres invisibles***

1º Accésit xurado a

**Breogán Alamancos Millán** pola fotografía:

***Cárcere Abstracto***

2º Accésit xurado a

**Amalia Gorgoso Pacios** pola fotografía:

***Sen título***



**ALBA DÍAZ FERNÁNDEZ**  
Obra premiada: *Mulleres invisibles*

Hai soidades que brillan como unha illa ao lonxe, vagamente debuxadas na néboa; outras permanecen sempre ocultas no seu misterio



BREOGÁN ALAMANCOS MILLÁN  
1º accésit xurado: *Cárcere abstracto*







AMALIA GORGOSO PACIOS  
2º accésit xurado: *Sen título*



## Tema: MÁQUINAS E PERSOAS

Traballos seleccionados








ROI CUBA DORADO  
*Espello subterráneo*

TANIA FERNÁNDEZ DE SOTO ESTEBAN  
*As persoas e os máquinas*





MARÍA SALOMÉ FRESCO BARBEITO  
*Praza verde*





LUCAS FROUCE LAGOA  
*Próxima meta, próximo destino*



MARTA GUIMAREY ESPIÑO  
*A miña máquina preferida*





MELINA LÓPEZ CASTRO  
*A muller e a máquina: segunda parte*





LEDICIA LÓPEZ RODRÍGUEZ  
*Sen título*



DIEGO LÓPEZ VILLAR  
*Os fíos que traman*





MARTÍN GONZALO MARTÍNEZ BLANES  
*O home e a máquina*



IVÁN MOURONTE BARREIRO  
*Bordando*





BEGOÑA PÉREZ LÓPEZ  
*Censuradora*



FRANCISCO JAVIER SOUTO ARES  
*Costureiriña*







CLODIO VAL ARIAS  
*O carro calado*





M<sup>ra</sup>. JESÚS VARELA PULPEIRO  
*Mulleres que levan máquinas que levan homes*



## Tema: LIBRE

Traballos seleccionados





STEPHANIE ANDRADE SAVIER  
*Meiga*



MARTÍN BARREIRA PÉREZ  
*Gato amenazado*



**LUISA FERNÁNDEZ MOSCOSO**

*Ti sempre voando, ti sempre  
viajando e eu recordándote  
(dedicada o meu anxo Carlos)*








PABLO FOUZ MOURE  
*Liñas*

**JAIME FUENTETAJA OLMOS**  
*A árbore da luz*

Sempre hai outra mirada (que non se ve cos ollos)






ANDREA LÓPEZ PARAPAR  
*Cando os libros en papel  
quedaron na sombra*





BIBIANA LORENZO CASTIÑEIRA  
*Educación*



ANDREA MARIZ RODRÍGUEZ  
*De pombas e barandas*





ROBERTO MOURIZ LAMAS  
*Araña*



TANIA PENOUCOS BLANCO  
*Olladas múltiples*


A diferenza do ollo múltiplo que posúen  
os artrópodos e insectos, unha ollada  
múltipla humana sería moi diferente



ALBA PÉREZ CASTRO  
*Ollada dunha vida*



BRAIS RODRÍGUEZ ZARATE  
*New wave*







ÓSCAR VÁZQUEZ ARROJO  
*Lusco e Fusco*

